

ACTA DA REUNIÓN ORDINARIA DA COMISIÓN INFORMATIVA DE TRANSPARENCIA, RÉXIME INTERNO E FACENDA DO DÍA 20 DE MARZO DE 2026.

PRESIDENTE:

D. JESÚS VÁZQUEZ ALMUÍÑA.

VOGAIS:

**D. RICARDO MARTÍNEZ CHANTADA.
DONA LUISA MARÍA SÁNCHEZ MÉNDEZ.
D. RAFAEL DOMÍNGUEZ ARTIME.
D. JORGE CUBELA LÓPEZ.
DONA BELÉN CACHAFEIRO ANTA.
DONA MARÍA PILAR RAMALLO VÁZQUEZ.
D. MANUEL ALEJANDRO LORENZO ALONSO.
D. JUAN PABLO CASTILLO AMIGO.
D. PACO FERREIRA GONZÁLEZ (En substitución de
DONA ANA LAURA IGLESIAS GÓNZÁLEZ).
D. GORKA GÓMEZ DÍAZ.
DONA DIGNA ROSA RIVAS GÓMEZ.
DONA NURIA RODRÍGUEZ RODRÍGUEZ.
D. GREGORIO LUIS AGÍS GÓMEZ.
D. JAVIER IGLESIAS MOUGÁN.
D. XOSÉ CESÁREO MOSQUERA LORENZO.
DONA MARÍA MANUELA RODRÍGUEZ PUMAR.**

En Pontevedra, na sala de xuntas do Pazo Provincial, sendo as doce horas do día 20 de marzo de 2026 asisten, baixo a Presidencia de D. Jesús Vázquez Almuiña Presidente da Comisión Informativa de Transparencia, Réxime Interno e Facenda, as deputadas e deputados que ó marxe se sinalan, membros de dita Comisión, de acordo coa correspondente Orde do Día.

Non asiste a Deputada, Dona Ana Laura Iglesias González, sendo substituída polo Deputado, Don Paco Ferreira González.

Asisten o Sr. Interventor, D. Antonio Graña Gómez e tamén o Sr. Secretario, D. Carlos Cuadrado Romy.

Actúa como Secretario, por delegación do Sr. Secretario Xeral, Don José Antonio Gulías Varela, Técnico de Xestión do Servizo de Contratación, Facenda e Patrimonio.

Aberta a sesión, adoptáronse os seguintes acordos:

- 1. *Aprobación, se procede, da acta da reunión ordinaria da Comisión Informativa de Transparencia, Réxime Interno e Facenda, do día 20 de febreiro de 2026. (Expte.- 2023057599).***

Sometido a votación o asunto, apróbase por unanimidade a acta da reunión anterior da Comisión Informativa de Transparencia, Réxime Interno e Facenda, do día 20 de febreiro de 2026.

- 2. *Constitución de garantías definitivas pola empresa ISS FACILITY SERVICES, S.A. para responder da execución dos lotes números 1, 3, 4 e 5 do contrato correspondente ao servizo de limpeza dos centros e sedes da Deputación. (Exptes.- 2026018918 - 2025070305 - 2024059026).***



O Presidente da Comisión somete a debate a proposta de acordo sobre a aceptación das novas garantías definitivas constituídas pola empresa ISS FACILITY SERVICES, S.A.U. e devolución das constituídas por LIMPEZAS CÍES, S.L. coa extinción da responsabilidade solidaria, nos lotes números 1, 3, 4 e 5 do contrato do servizo de limpeza dos diferentes centros e servizos da Deputación, asinada con data 16 de marzo de 2026 polo Xefe do Servizo de Contratación, Facenda e Patrimonio e polo Deputado Delegado de Novas Tecnoloxías e Contratación, cuxo contido é o seguinte:

“O Pleno desta Deputación na sesión ordinaria do día 27 de xuño de 2025, adxudicou os lotes 1 (Servizos Centrais), lote 3 (Museo de Pontevedra), lote 4 (ORAL) e lote 5 (Centro Príncipe Felipe) do contrato de “*Servizo de limpeza dos diferentes centros e servizos da Deputación de Pontevedra*” á empresa Limpiezas Cíes, S.L. (CIF: B36631935), polos prezos e valores ofertados, e un prazo de duración de dous anos, coa posibilidade de 3 prórrogas anuais. Os contratos formalizáronse con data 29 de xullo de 2025, entrando en vigor o 1 de agosto de 2025.

Resultando que o día 13 de outubro de 2025 (Rexistro entrada WEB2025071380, de 14/10/2025), a empresa Limpiezas Cíes, S.L. comunicou a este órgano de contratación a súa transmisión da rama de actividade “unidade de negocio de limpeza” coa empresa ISS Facility Services, S.A.U. (CIF: A61895371), resultando esta última como sucesora universal de todos os dereitos e obrigacións da anterior na rama de actividade afectada polo contrato.

Resultando que con data 22 de outubro de 2025 (Rexistro de entrada WEB2025073299) a empresa ISS Facility Services, S.A.U. presentou declaración responsable conforme ao modelo esixido nos pregos que rexeron esta contratación e que o persoal técnico do Servizo de Contratación comprobou que se atopaba inscrita no Rexistro Oficial de Licitadores e Empresas Clasificadas do Sector Público, acreditando o certificado de inscrición as condicións de aptitude do empresario en canto á súa personalidade e capacidade de obrar, representación, habilitación profesional ou empresarial, solvencia económica e financeira e técnica ou profesional, clasificación e demais circunstancias inscritas, así como a concorrencia ou non concorrencia das prohibicións de contratar. Así mesmo mediante intermediación de datos, tamén se comprobou que a empresa estaba ao corrente das súas obrigas tributarias e coa Seguridade Social, e dada de alta no Imposto de Actividades Económicas no epígrafe correspondente.

Resultando que mediante escrito de data 16 de outubro de 2025, (Rexistro entrada WEB2025072166, de 17 de outubro de 2025), a empresa Limpiezas Cíes, S.L. responsabilizouse solidariamente da execución do contrato, existindo garantía definitiva, constituída mediante aval, para responder dos contratos (cartas de pago número 12025000108678, de 09/06/2025, por importe de 63.296,40 €, para o lote 1; número 12025000108676, de 09/06/2025, por importe de 16.250,90 €, para o lote 3; e número 12025000108668, de 09/06/2025, por importe de 13.420,52 €, para o lote 4; e número 12025000108664, de 09/06/2025, por importe de 63.641,42 €, para o lote 5.



Resultando que o Pleno desta Deputación na sesión ordinaria que tivo lugar o día 31 de outubro de 2025, acordou tomar razón da sucesión da empresa Limpiezas Cíes, S.L. (CIF: B36631935) pola empresa ISS Facility Services, S.A.U. (CIF: A61895371) nos lotes 1 (Servizos Centrais), lote 3 (Museo de Pontevedra), lote 4 (ORAL) e lote 5 (Centro Príncipe Felipe) do contrato “*Servizo de limpeza dos diferentes centros e servizos da Deputación de Pontevedra*”, con efectos desde 1 de novembro de 2025.

Resultando que con data 2 de marzo de 2026 a empresa, ISS Facility Services, S.A.U. (CIF: A61895371) presenta a través da sede electrónica da Deputación (Número de rexistro 2026003971) catro avais bancarios para responder da execución dos lotes 1 (Servizos Centrais), lote 3 (Museo de Pontevedra), lote 4 (ORAL) e lote 5 (Centro Príncipe Felipe) do contrato correspondente ao servizo de limpeza dos diferentes centros e servizos da Deputación de Pontevedra.

Resultando con que con data 12 de marzo de 2026 a Intervención emite informe sobre o depósito de novas garantías definitivas en valores (conta 065.02) constituídas por la empresa , ISS Facility Services, S.A.U. (CIF: A61895371, para responder das obrigas derivadas da execución dos lotes 1 (Servizos Centrais), lote 3 (Museo de Pontevedra), lote 4 (ORAL) e lote 5 (Centro Príncipe Felipe) do contrato correspondente ao servizo de limpeza dos diferentes centros e servizos da Deputación de Pontevedra, cos seguintes datos:

Importe da operación	Número de operación	Entidade bancaria	Lote
63.296,40 €	12026000056173	BBVA, S.A R.E.A: 0182001178638 NÚMERO OPERACIÓN: 2376-988-172433700191	1
16.250,90 €	12026000056176	BBVA, S.A R.E.A: 0182001178630 NÚMERO OPERACIÓN: 2376-988-172433700190	3
13.420,52 €	12026000056181	BBVA, S.A R.E.A: 0182001178622 NÚMERO OPERACIÓN: 2376-988-172433700189	4
63.641,42 €	12026000056186	BBVA, S.A R.E.A:0182001178555 NÚMERO OPERACIÓN: 2376-988-172433700188	5

Considerando que o artigo 98 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, permite a modificación da titularidade do contrato no caso de sucesión universal na empresa contratista, previa conformidade neste caso polo Pleno na sesión ordinaria do día 31 de outubro de 2025.

Considerando que os artigos 108.1 e 111.4 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público establecen por un lado as formas admisibles de prestar as garantías definitivas esixidas nos contratos celebrados polas Administracións Públicas e por outro que nos casos de cesión de contratos non se procederá á devolución ou



cancelación da garantía prestada polo cedente ata que estea formalmente constituída a do cesionario.

O Pleno de conformidade co ditame da Comisión Informativa de Transparencia, Réxime Interno e Facenda, acorda:

1. Aceptar con efectos do día 12 de marzo de 2026 as novas garantías definitivas en valores constituídas pola empresa , ISS Facility Services, S.A.U. (CIF: A61895371, para responder das obrigas derivadas da execución dos lotes 1 (Servizos Centrais), lote 3 (Museo de Pontevedra), lote 4 (ORAL) e lote 5 (Centro Príncipe Felipe) do contrato correspondente ao servizo de limpeza dos diferentes centros e servizos da Deputación de Pontevedra, co seguinte detalle:

Número de operación	Entidade bancaria	Lote	Importe garantía
12026000056173	BBVA, S.A R.E.A: 0182001178638 NÚMERO OPERACIÓN: 2376-988-172433700191	1	63.296,40 €
12026000056176	BBVA, S.A R.E.A: 0182001178630 NÚMERO OPERACIÓN: 2376-988-172433700190	3	16.250,90 €
12026000056181	BBVA, S.A R.E.A: 0182001178622 NÚMERO OPERACIÓN: 2376-988-172433700189	4	13.420,52 €
12026000056186	BBVA, S.A R.E.A: 0182001178555 NÚMERO OPERACIÓN: 2376-988-172433700188	5	63.641,42 €

2. Que se proceda a devolución das garantías definitivas constituídas pola empresa Limpiezas Cíes, S.L. (B36631935), para responder das obrigas derivadas da execución dos lotes 1 (Servizos Centrais), lote 3 (Museo de Pontevedra), lote 4 (ORAL) e lote 5 (Centro Príncipe Felipe) do contrato correspondente ao servizo de limpeza dos diferentes centros e servizos da Deputación de Pontevedra, co seguinte detalle:

Número de operación	Entidade bancaria	Lote	Importe da operación
12025000108678	ABANCA Corporación Bancaria, S.A. R.E.A. 696620	1	63.296,40 €
12025000108676	ABANCA Corporación Bancaria, S.A. R.E.A. 696618	3	16.250,90 €
12025000108668	ABANCA Corporación Bancaria, S.A. R.E.A. 696617	4	13.420,52 €
12025000108664	ABANCA Corporación Bancaria, S.A. R.E.A. 696616	5	63.641,42 €

3. Que a empresa Limpiezas Cíes, S.L. (B36631935), deixe de responder solidariamente das obrigas derivadas da execución dos lotes números 1, 3, 4 e 5



do contrato correspondente o servizo de limpeza na Deputación de Pontevedra con efectos do día 12 de marzo de 2026.”

Unha vez debatido o asunto e segundo o establecido nos artigos 32 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, 52 do Regulamento orgánico da Deputación de Pontevedra e 126 do Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais, sométese a votación a proposta de acordo sobre a aceptación das novas garantías definitivas constituídas pola empresa ISS Facility Services, S.A.U. e devolución das constituídas por Limpezas Cíes, S.L. coa extinción da responsabilidade solidaria, nos lotes números 1, 3, 4 e 5 do contrato do servizo de limpeza dos diferentes centros e servizos da Deputación.

O resultado da votación foi o seguinte:

1. **Votos a favor: (15)**, sendo (9) do grupo provincial do Partido Popular e seis (6) do grupo provincial do PSdeG-PSOE.
2. **Votos en contra: (0)**, ningún.
3. **Abstencións: (2)**, do grupo provincial do BNG.

A Comisión Informativa de Transparencia, Réxime Interno e Facenda ditamina favorablemente a proposta de acordo sobre a aceptación das novas garantías definitivas constituídas pola empresa ISS Facility Services, S.A.U. e devolución das constituídas por Limpezas Cíes, S.L. coa extinción da responsabilidade solidaria, nos lotes números 1, 3, 4 e 5 do contrato do servizo de limpeza dos diferentes centros e servizos da Deputación, cos votos a favor das Deputadas e Deputados dos grupos provinciais do Partido Popular e do PSdeG-PSOE, e coas abstencións das Deputadas e Deputados do grupo provincial do BNG.

3. *Aprobación inicial do expediente de modificación de créditos número 1/2026 do Consorcio Provincial de Pontevedra para a Prestación do Servizo contra Incendios e Salvamento. (Expte.- 2026018924).*

O Presidente da Comisión somete a debate a proposta de acordo sobre a aprobación inicial do expediente de modificación de créditos número 1/2026 do Consorcio Provincial de Pontevedra para a Prestación do Servizo contra Incendios e Salvamento, asinada con data 16 de marzo de 2026 polo Secretario de Comisión Informativa de Transparencia,



Réxime Interno e Facenda e polo Deputado Delegado de Xestión Tributaria, Patrimonio e Formación e Emerxencias, cuxo contido é o seguinte:

“O Pleno do Consorcio Provincial de Pontevedra para a Prestación do Servizo contra Incendios e Salvamento, na sesión extraordinaria que tivo lugar o día 13 de marzo de 2026, acordou aprobar o expediente de modificación de crédito número 1/2026 por importe global de 445.000,00 euros e que inclúe, suplementos de crédito n.º 1/2026, por importe global de 380.000,00 euros e créditos extraordinarios n.º 1/2026, por importe de 65.000,00 euros, financiados con cargo ao remanente líquido de tesourería para gastos xerais, obtido da liquidación do orzamento correspondente ó exercicio económico 2025, a vez que dar traslado do expediente, en canto ente de adscrición, á Deputación Provincial de Pontevedra para a súa aprobación e tramitación, en cumprimento do artigo 122.4 da Lei 40/2015, do 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público.

A citada modificación afecta ás seguintes aplicacións orzamentarias:

** Gastos correntes (Capítulo II):*

- *Aplicación 1360.22104, para adquisición de vestuario consistente en luvas e botas para o persoal operativo e roupa de parque para o persoal de novo ingreso.*
- *Aplicación 1360.22706, para a contratación do servizo de asistencia técnica para a redacción dos procedementos operativos, requiridos por inspección laboral e previstos no convenio colectivo.*

**Gastos de investimento (Capítulo VI):*

- *Aplicación 1360.62300, para atender a necesidades da adquisición de equipamento técnico e utillaxe.*
- *Aplicación 1360.62900, para atender a necesidade da adquisición de traxes de intervención, traxes de intervención químicos, botellas de aire.*
- *Aplicación 1360.63400, para mellora de dotacións en vehículos de intervención.*

Considerando que estas modificacións poderán financiarse con cargo ao remanente líquido de tesourería para gastos xerais (aforro propio procedente de exercicios anteriores), obtido da liquidación do orzamento correspondente ó exercicio económico 2025, calculados ó abeiro do artigos 101 a 104 do Real Decreto 500/1990, do 20 de abril polo que se desenvolve o capítulo primeiro do título sexto da Lei 39/1988, de 28 de decembro, reguladora das facendas locais, en materia de orzamentos.

Considerando o disposto nos artigos 177, 179 e 180 do Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto refundido da Lei reguladora das facendas



loais; nos artigos 34 a 38 e 40 a 42 do Real Decreto 500/1990, de 20 de abril, nos artigos 2, 3, 11, 27 e demais concordantes da Lei Orgánica 2/2012, de 27 de abril de estabilidade orzamentaria e sustentabilidade financeira e nas bases de execución do orzamento, en canto a competencia e tramitación a seguir para a aprobación do expediente de modificación de crédito número 1/2026 do Consorcio Provincial de Pontevedra para a Prestación do Servizo contra Incendios e Salvamento.

O Pleno, de conformidade co ditame favorable da Comisión Informativa de Transparencia, Réxime Interno e Facenda, acorda:

1º.- Aprobar o expediente de modificación de créditos número 1/2026 do Consorcio Provincial de Pontevedra para a Prestación do Servizo contra Incendios e Salvamento por importe global de 445.000,00 euros e que inclúe, suplementos de crédito n.º 1/2026, por importe global de 380.000,00 euros e créditos extraordinarios n.º 1/2026, por importe de 65.000,00 euros, financiados con cargo ao remanente líquido de tesourería para gastos xerais (aforro propio procedente de exercicios anteriores), obtido da liquidación do orzamento correspondente ó exercicio económico 2025, calculados ó abeiro do artigos 101 a 104 do Real Decreto 500/1990, do 20 de abril e o SEC 2010, nos seguintes termos:

SUPLEMENTO DE CRÉDITO 1/2026

CAPÍTULO II

Aplicación Orzamentaria	Aumento	Financiamento/Concepto	Fins
1360.22104	90.000,00 €	Remanente líquido tesourería 870.02	Vestuario parques
1360.22706	160.000,00 €	Remanente líquido tesourería 870.02	Estudos e traballos técnicos
TOTAL	250.000,00 €		

CAPÍTULO VI

Aplicación Orzamentario	Aumento	Financiamento/Concepto	Fins
1360.623.01	115.000,00 €	Remanente líquido tesourería 870.02	Investimento novo en maquinaria, instalacións técnicas e utillaxe
1360.63400	15.000,00 €	Remanente líquido tesourería 870.02	Investimento de reposición de vehículos
TOTAL	130.000,00 €		

CONCESIÓN CRÉDITO EXTRAORDINARIO 1/2026



CAPÍTULO VI

Aplicación Orzamentario	Aumento	Financiamento/Concepto	Fins
1360.62900	65.000,00 €	Remanente líquido tesourería 870.01	Outros investimentos novos asociados ao funcionamento operativo dos servizos (traxes intervención-botellas aire, cascos, máscaras)
TOTAL	65.000,00 €		

Quedando o resume por capítulos do Orzamento como segue:

GASTOS			INGRESOS		
Capítulo	Denominación	Importe €	Capítulo	Denominación	Importe €
1	Gastos de persoal	5.105.051,00	1	Impostos directos	0,00
2	Gastos en bens correntes e servizos	1.107.338,29	2	Impostos indirectos	0,00
3	Gastos financeiros	0,00	3	Taxas e outros ingresos	2.380.000,00
4	Transferencias correntes	6.000,00	4	Transferencias correntes	3.620.000,00
5	Fondo de continxencia	10.000,00	5	Ingresos patrimoniais	100,00
6	Investimentos reais	1.573.565,03	6	Alleamento de inversións reais	0,00
7	Transferencias de capital	0,00	7	Transferencias de capital	0,00
8	Activos financeiros	8.500,00	8	Activos financeiros	1.810.354,32
9	Pasivos financeiros	0,00	9	Pasivos financeiros	0,00
	TOTAL	7.810.454,32		TOTAL	7.810.454,32

2º.- En cumprimento do artigo 169 Real Decreto Lei, 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei reguladora das facendas locais, expoñer o devandito expediente a información pública durante o prazo de quince días hábiles, contados a partir do día seguinte ao da publicación no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra, para que os interesados poidan examinalo e presentar reclamacións que estimen oportunas. De non formularse reclamacións a devandita modificación considerárase definitivamente aprobada.”

Unha vez debatido o asunto e segundo o establecido nos artigos 32 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, 52 do Regulamento orgánico da Deputación de Pontevedra e 126 do Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro, polo



que se aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais, sométese a votación a proposta de acordo sobre a aprobación inicial do expediente de modificación de créditos número 1/2026 do Consorcio Provincial de Pontevedra para a Prestación do Servizo contra Incendios e Salvamento, asinada con data 16 de marzo de 2026 polo Secretario de Comisión Informativa de Transparencia, Réxime Interno e Facenda e polo Deputado Delegado de Xestión Tributaria, Patrimonio e Formación e Emerxencias.

O resultado da votación foi o seguinte:

1. **Votos a favor: (9)**, do grupo provincial do Partido Popular.
2. **Votos en contra: (0)**, ningún.
3. **Abstencións: (8)**, sendo (6) do grupo provincial PSdeG-PSOE e dúas (2) do grupo provincial do BNG.

A Comisión Informativa de Transparencia, Réxime Interno e Facenda ditamina favorablemente a proposta de acordo sobre a aprobación inicial do expediente de modificación de créditos número 1/2026 do Consorcio Provincial de Pontevedra para a Prestación do Servizo contra Incendios e Salvamento, cos votos a favor das Deputadas e Deputados do grupo provincial do Partido Popular, e coas abstencións das Deputadas e Deputados dos grupos provinciais do PSdeG-PSOE e do BNG.

4. *Aprobación inicial do expediente de modificación de créditos número 2/2026. (Exptes.- 2026018931 -2026014887).*

O Presidente comenta que na proposta de acordo que figura no expediente de modificación de créditos número 2/2026 faise necesario realizar unha modificación no importe global para ampliar as dotacións do Plan Provincia Extraordinaria 2025 (Plan Extra 2025) e dálle a palabra ao Interventor para que explique o detalle da modificación.

O Sr. Interventor explica que esta modificación débese a que unha subvención que lle corresponde ao Concello de Silleda con cargo ao Plan Provincia Extraordinaria (Plan Extra 2025) para un proxecto de rehabilitación e mellora da accesibilidade á Escola de Música Municipal de Silleda minorouse ata os 463.121,89 euros, cando o importe sería de 553.581,47 euros, é dicir hai unha diferenza de 90.459,58 euros. Así mesmo comenta que a modificación na proposta de acordo do expediente de modificación de créditos número 2/2026 concrétase en que o apartado da proposta de acordo correspondente a que onde figura a aplicación orzamentaria 942.9420.762.85, coa denominación “A Concellos, Investimentos Plan Provincia Extraordinaria 2025 (Plan Extra 2025) Cooperación (Ampliación dotacións do Plan)” cun importe de 1.863.490,70 euros, debe



incrementarse en 90.459,58 euros, motivo polo que o importe global da aplicación pasa a ser de 1.953.950,28 euros. Esta modificación afecta o importe global dos créditos extraordinarios que pasa a ser de 3.272.839,00 euros e ao importe do financiamento dos créditos extraordinarios con cargo ao remanente de Tesourería que pasan a ser tamén de 3.272.839,00 euros.

A continuación o Presidente da Comisión somete a debate a proposta de acordo sobre a aprobación inicial do expediente de modificación de créditos número 2/2026, asinada con data 16 de marzo de 2026 polo Xefe do Servizo de Orzamentos, Plans e Organismos e polo Deputado Delegado de Xestión Tributaria, Patrimonio e Formación e Emerxencias, cuxo contido, unha vez introducidas as modificacións detalladas polo Sr. Interventor, é o seguinte:

“O Deputado delegado de Xestión Tributaria, Patrimonio, Formación e Emerxencias en virtude das delegacións acordadas na Resolución Presidencial nº 2025008021, de data 3 de outubro de 2025, propón ó Pleno a aprobación do expediente de modificación de crédito número 02/2026. Este expediente inclúe créditos extraordinarios (EXT. 02/26) por importe de 3.272.839,00 euros, outro de suplementos de créditos (SUP.02/26) por importe de 1.437.280,91 euros e a modificación do Anexo II das bases de execución.

Resultando que a tramitación deste expediente está motivado pola necesidade de realizar gastos que non poden demorarse ata o exercicio seguinte por non existir consignación suficiente no estado de gastos do orzamento corrente (corresponde á anualidade 2026 das achegas de fondos propios de proxectos cofinanciados), financiándose na súa totalidade con aforro propio procedente de exercicios anteriores, é dicir, con remanente líquido de tesourería para gastos xerais.

Resultando que esta Intervención emite informe de data 16 de marzo de 2026, no que indica que o expediente cumpre cos requisitos previstos na normativa de aplicación, tanto en relación cos gastos que se pretenden financiar como cos recursos que os financian e que a súa tramitación respecta o equilibrio orzamentario.

Considerando o disposto nos artigos 177, 179 e 180 do Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto refundido da Lei reguladora das Facendas Locais; nos artigos 34 a 38 e 40 a 42 do Real Decreto 500/1990, de 20 de abril, nos artigos 2, 3, 11, 27 e demais concordantes da Lei Orgánica 2/2012, de 27 de abril de Estabilidade Orzamentaria e Sustentabilidade Financeira e nas bases de execución do orzamento, en canto a competencia e tramitación a seguir para a aprobación do expediente de modificación de crédito número 02/2026.

O Pleno, de conformidade co ditame favorable da Comisión Informativa de Transparencia, Réxime Interno e Facenda, acorda:

Primeiro: *Aprobar o expediente de modificación de crédito número 02/2026 da Deputación de Pontevedra. Este expediente inclúe créditos extraordinarios (EXT. 02/26) por importe de 3.272.839,00 euros e outro de suplementos de créditos (SUP. 02/26) por importe de 1.437.280,91 euros. O detalle do expediente e o seu financiamento é o seguinte:*



1.- Crédito Extraordinarios “EXT. 02/26”:

APLICACIÓN	DENOMINACIÓN	IMPORTE
240-2410-489.10	A ENTIDADES SEN FINS DE LUCRO, FEIRAS, EXPOSICIÓNS CONGRESOS_FOMENTO DE EMPREGO (Achegas a entidades detalle Anexo II das bases de execución)	6.000,00 €
330-3340-789.10	ACHEGAS A ENTIDADES SEN FINS DE LUCRO, INVESTIMENTOS EN BENS CULTURAIS_CULTURA (Achegas a entidades detalle Anexo II das bases de execución)	10.000,00 €
922-3340-221,00	SUBMINISTROS,ENERXÍA ELÉCTRICA_CONTRATACIÓN	3.000,00 €
922-3340-221,01	SUBMINISTROS, AUGA_CONTRATACIÓN	2.000,00 €
922-3340-221,99	OUTROS SUBMINISTROS_CONTRATACIÓN	2.000,00 €
922-3340-226.99	GASTOS DIVERSOS_CONTRATACIÓN	3.000,00 €
942-9429-652.09	INVESTIMENTOS XESTIONADOS PARA CONCELLOS, PROXECTOS COFINANCIADOS EDIL_COOPERACIÓN, [Proxecto: 2610001 PAI VAL MIÑOR_BAIONA, (Financiamento Deputación 2026)]	385.955,97 €
942-9429-652.09	INVESTIMENTOS XESTIONADOS PARA CONCELLOS, PROXECTOS COFINANCIADOS EDIL_COOPERACIÓN, [Proxecto: 2610002 PAI VAL MIÑOR_GONDOMAR, (Financiamento Deputación 2026)]	108.280,00 €
942-9429-652.09	INVESTIMENTOS XESTIONADOS PARA CONCELLOS, PROXECTOS COFINANCIADOS EDIL_COOPERACIÓN, [Proxecto: 2610003 PAI VAL MIÑOR_NIGRÁN, (Financiamento Deputación 2026)]	120.000,00 €
942-9429-652.09	INVESTIMENTOS XESTIONADOS PARA CONCELLOS, PROXECTOS COFINANCIADOS EDIL_COOPERACIÓN, [Proxecto: 2610004 PAI VAL MIÑOR_“AUF”, VAL MIÑOR EN 15 MINUTOS, (Financiamento Deputación 2026)]	33.114,63 €
942-9420-762.74	A CONCELLOS_INVESTIMENTOS, PROGRAMA “PON 2030”_COOPERACIÓN [Peonalización Rúa de Portas e Rúa Lavandeira, Arcade-Camiño de Santiago”, Concello de Soutomaior, (Sentenza 256/25, Xulgado C. Administrativo nº3 Pontevedra]	395.538,12 €
942-9420-762.85	A CONCELLOS, PLAN PROVINCIA EXTRAORDINARIA 2025 (PLAN EXTRA 2025)_COOPERACIÓN [Ampliación dotacións do Plan]	1.953.950,28 €
942-9420-763.00	A MANCOMUNIDADES, INFRAESTRUTURAS ESTRATÉXICAS _COOPERACIÓN (A Mancomunidad do Salnés)	250.000,00 €
	Total créditos extraordinarios...	3.272.839,00 €

Financiamento do expediente crédito extraordinarios “EXT. 02/26”:


A totalidade dos créditos extraordinarios fináncianse con aforro propio procedente de exercicios anteriores, é dicir, con remanente líquido de tesourería para gastos xerais.

Contabilizándose as seguintes operacións:

CONCEPTOS DE INGRESO	DENOMINACIÓN	IMPORTE
931-870,01	Remanente de Tesourería - Aplicado para financiar Créditos Extraordinarios...	3.272.839,00 €

2.- Suplementos de Créditos “SUP. 02/26”:

APLICACIÓN	DENOMINACIÓN	IMPORTE
231-2311-120,11	RETRIBUCIÓN FUNCIONARIOS, INCREMENTO RDL.14/2025 (C. SOCIAL E XUVENTUDE)	10.431,62 €
231-2311-131,00	PERSOAL LABORAL TEMPORAL, (C. SOCIAL E XUVENTUDE)	610,64 €
231-2311-160,00	S. SOCIAL FUNCIONARIOS, (C. SOCIAL E XUVENTUDE)	2.878,88 €
231-2311-160,01	S. SOCIAL LABORALES, (C. SOCIAL E XUVENTUDE)	170,12 €
232-2312-120,11	RETRIBUCIÓN FUNCIONARIOS, INCREMENTO RDL.14/2025 (C. PRINCIPE FELIPE)	147.880,48 €
232-2312-130,00	PERSOAL LABORAL FIXO, (C. PRINCIPE FELIPE)	321,30 €
232-2312-131,00	PERSOAL LABORAL TEMPORAL, (C. PRINCIPE FELIPE)	14.256,42 €
232-2312-160,00	S. SOCIAL FUNCIONARIOS, (C. PRINCIPE FELIPE)	39.951,28 €
232-2312-160,01	S. SOCIAL LABORALES, (C. PRINCIPE FELIPE)	4.476,88 €
233-2310-120,11	RETRIBUCIÓN FUNCIONARIOS, INCREMENTO RDL.14/2025 (C. SOCIAL E XUVENTUDE)	5.914,78 €
233-2310-160,00	S. SOCIAL FUNCIONARIOS, (C. SOCIAL E XUVENTUDE)	1.605,34 €
240-2410-120,11	RETRIBUCIÓN FUNCIONARIOS, INCREMENTO RDL.14/2025 (PROMOCIÓN DE EMPREGO E D.L.)	9.740,78 €
240-2410-131,00	PERSOAL LABORAL TEMPORAL, (PROMOCIÓN DE EMPREGO E D.L.)	259,12 €
240-2410-160,00	S. SOCIAL FUNCIONARIOS, (PROMOCIÓN DE EMPREGO E D.L.)	2.676,74 €
240-2410-160,01	S. SOCIAL LABORALES, (PROMOCIÓN DE EMPREGO E D.L.)	80,68 €
250-2315-120,11	RETRIBUCIÓN FUNCIONARIOS, INCREMENTO RDL.14/2025 (IGUALDADE)	4.260,68 €



250-2315-131,00	PERSOAL LABORAL TEMPORAL, (IGUALDADE)	703,06 €
250-2315-160,00	S. SOCIAL FUNCIONARIOS, (IGUALDADE)	1.180,96 €
250-2315-160,01	S. SOCIAL LABORALES, (IGUALDADE)	208,90 €
330-3300-120,11	RETRIBUCIÓN FUNCIONARIOS, INCREMENTO RDL.14/2025 (CULTURA)	7.744,28 €
330-3300-160,00	S. SOCIAL FUNCIONARIOS, (CULTURA)	1.973,44 €
332-3322-120,11	RETRIBUCIÓN FUNCIONARIOS, INCREMENTO RDL.14/2025 (PATRIMONIO DOCUMENTAL E BIBLIOGRAFICO)	23.225,44 €
332-3322-160,00	S. SOCIAL FUNCIONARIOS, (P. DOCUMENTAL E BIBLIOGRAFICO)	6.526,02 €
333-3330-120,11	RETRIBUCIÓN FUNCIONARIOS, INCREMENTO RDL.14/2025 (MUSEO)	46.894,06 €
333-3330-130,00	PERSOAL LABORAL FIXO, (MUSEO)	4.636,60 €
333-3330-131,00	PERSOAL LABORAL TEMPORAL,(MUSEO)	795,98 €
333-3330-160,00	S. SOCIAL FUNCIONARIOS, (MUSEO)	12.663,16 €
333-3330-160,01	S. SOCIAL LABORALES,(MUSEO)	1.612,32 €
334-3340-120,11	RETRIBUCIÓN FUNCIONARIOS, INCREMENTO RDL.14/2025 (SERVIZOS LINGÜÍSTICOS)	6.266,52 €
334-3340-160,00	S. SOCIAL FUNCIONARIOS, (S. LINGÜÍSTICOS)	1.693,00 €
340-3400-120,11	RETRIBUCIÓN FUNCIONARIOS, INCREMENTO RDL.14/2025 (DEPORTES)	9.618,14 €
340-3400-130,00	PERSOAL LABORAL FIXO, (DEPORTES)	2.535,88 €
340-3400-131,00	PERSOAL LABORAL TEMPORAL, (DEPORTES)	160,86 €
340-3400-160,00	S. SOCIAL FUNCIONARIOS, (DEPORTES)	2.722,96 €
340-3400-160,01	S. SOCIAL LABORALES, (DEPORTES)	609,70 €
410-4100-120,11	RETRIBUCIÓN FUNCIONARIOS, INCREMENTO RDL.14/2025 (MEDIO AMBIENTE)	33.489,20 €
410-4100-131,00	PERSOAL LABORAL TEMPORAL, (MEDIO AMBIENTE)	479,48 €
410-4100-160,00	S. SOCIAL FUNCIONARIOS, (MEDIO AMBIENTE)	9.218,64 €
410-4100-160,01	S. SOCIAL LABORALES, (MEDIO AMBIENTE)	149,28 €
413-4123-120,11	RETRIBUCIÓN FUNCIONARIOS, INCREMENTO RDL.14/2025 (E.F. AREEIRO)	29.412,20 €



413-4123-131,00	PERSOAL LABORAL TEMPORAL, (E.F. AREEIRO)	878,26 €
413-4123-160,00	S. SOCIAL FUNCIONARIOS,(E.F. AREEIRO)	8.590,40 €
413-4123-160,01	S. SOCIAL LABORALES, (E.F. AREEIRO)	400,46 €
433-4320-120,11	RETRIBUCIÓN FUNCIONARIOS, INCREMENTO RDL.14/2025 (TURISMO)	13.369,70 €
433-4320-130,00	PERSOAL LABORAL FIXO, (TURISMO)	2.191,98 €
433-4320-131,00	PERSOAL LABORAL TEMPORAL, (TURISMO)	860,64 €
433-4320-160,00	S. SOCIAL FUNCIONARIOS, (TURISMO)	3.645,80 €
433-4320-160,01	S. SOCIAL LABORALES, (TURISMO)	810,12 €
456-4530-120,11	RETRIBUCIÓN FUNCIONARIOS, INCREMENTO RDL.14/2025 (INFRAESTRUTURAS)	70.680,74 €
456-4530-130,00	PERSOAL LABORAL FIXO, (INFRAESTRUTURAS)	1.419,74 €
456-4530-131,00	PERSOAL LABORAL TEMPORAL, (INFRAESTRUTURAS)	738,58 €
456-4530-160,00	S. SOCIAL FUNCIONARIOS, (INFRAESTRUTURAS)	17.797,66 €
456-4530-160,01	S. SOCIAL LABORALES, (INFRAESTRUTURAS)	654,18 €
457-4500-120,11	RETRIBUCIÓN FUNCIONARIOS, INCREMENTO RDL.14/2025 (ARQUITECTURA)	16.313,36 €
457-4500-130,00	PERSOAL LABORAL FIXO,(ARQUITECTURA)	333,38 €
457-4500-131,00	PERSOAL LABORAL TEMPORAL, (ARQUITECTURA)	0,02 €
457-4500-160,00	S. SOCIAL FUNCIONARIOS, (ARQUITECTURA)	4.243,64 €
457-4500-160,01	S. SOCIAL LABORALES, (ARQUITECTURA)	141,52 €
900-9120-100,00	RETRIBUCIÓN BÁSICAS, ÓRGANOS DE GOBERNO (CORPORACIÓN)	11.419,22 €
900-9120-160,01	SEGURIDADE SOCIAL PERSOAL LABORAL, (CORPORACIÓN)	3.656,36 €
912-9120-110,00	PERSOAL DE EMPREGO, R. BÁSICAS, (G. PESIDENCIA)	22.831,44 €
912-9120-160,00	S. SOCIAL FUNCIONARIOS, (G. PESIDENCIA)	0,02 €
912-9120-160,02	S. SOCIAL P. EMPREGO, (G. PESIDENCIA)	7.044,50 €
920-9200-120,11	RETRIBUCIÓN FUNCIONARIOS, INCREMENTO RDL.14/2025 (SERVIZO CENTRAL)	49.082,38 €



920-9200-131,00	PERSOAL LABORAL TEMPORAL, (SERVIZO CENTRAL)	766,36 €
920-9200-160,00	S. SOCIAL FUNCIONARIOS, (SERVIZO CENTRAL)	13.388,06 €
920-9200-160,01	S. SOCIAL LABORALES, (SERVIZO CENTRAL)	243,50 €
921-9200-120,11	RETRIBUCIÓN FUNCIONARIOS, INCREMENTO RDL.14/2025 (R. HUMANOS)	39.357,82 €
921-9200-160,00	S. SOCIAL FUNCIONARIOS, (R. HUMANOS)	6.006,76 €
922-9200-120,11	RETRIBUCIÓN FUNCIONARIOS, INCREMENTO RDL.14/2025 (CONTRATACIÓN)	16.960,06 €
922-9200-131,00	PERSOAL LABORAL TEMPORAL, (CONTRATACIÓN)	285,48 €
922-9200-160,00	S. SOCIAL FUNCIONARIOS, (CONTRATACIÓN)	4.488,60 €
922-9200-160,01	S. SOCIAL LABORALES, (CONTRATACIÓN)	87,32 €
923-9225-120,11	RETRIBUCIÓN FUNCIONARIOS, INCREMENTO RDL.14/2025 (SAIM)	14.263,10 €
923-9225-131,00	PERSOAL LABORAL TEMPORAL, (SAIM)	526,62 €
923-9225-160,00	S. SOCIAL FUNCIONARIOS, (SAIM)	3.751,28 €
923-9225-160,01	S. SOCIAL P. LABORAL, (SAIM)	163,62 €
924-9240-120,11	RETRIBUCIÓN FUNCIONARIOS, INCREMENTO RDL.14/2025 (COMUNICACIÓN)	20.725,96 €
924-9240-130,00	PERSOAL LABORAL FIXO, (COMUNICACIÓN)	667,14 €
924-9240-131,00	PERSOAL LABORAL TEMPORAL, (COMUNICACIÓN)	351,52 €
924-9240-160,00	S. SOCIAL FUNCIONARIOS, (COMUNICACIÓN)	5.588,68 €
924-9240-160,01	S. SOCIAL LABORALES, (COMUNICACIÓN)	315,12 €
926-9260-120,11	RETRIBUCIÓN FUNCIONARIOS, INCREMENTO RDL.14/2025 (TIC)	27.061,94 €
926-9260-130,00	PERSOAL LABORAL FIXO, (TIC)	1.758,12 €
926-9260-131,00	PERSOAL LABORAL TEMPORAL, (TIC)	286,90 €
926-9260-160,00	S. SOCIAL FUNCIONARIOS, (TIC)	6.797,00 €
926-9260-160,01	S. SOCIAL LABORALES, (TIC)	721,98 €
927-9200-120,11	RETRIBUCIÓN FUNCIONARIOS, INCREMENTO RDL.14/2025 (ASESORÍA XURÍDICA)	5.412,04 €



927-9200-160,00	S. SOCIAL FUNCIONARIOS, (ASESORÍA XURÍDICA)	1.442,06 €
929-9200-120,11	RETRIBUCIÓN FUNCIONARIOS, INCREMENTO RDL.14/2025 (PREVENCIÓN)	4.615,40 €
929-9200-131,00	PERSOAL LABORAL TEMPORAL, (PREVENCIÓN)	351,52 €
929-9200-160,00	S. SOCIAL FUNCIONARIOS, (PREVENCIÓN)	1.335,30 €
929-9200-160,01	S. SOCIAL P. LABORAL, (PREVENCIÓN)	109,46 €
931-9310-120,11	RETRIBUCIÓN FUNCIONARIOS, INCREMENTO RDL.14/2025 (INTERVENCIÓN)	35.644,22 €
931-9310-131,00	PERSOAL LABORAL TEMPORAL, (INTERVENCIÓN)	1.508,16 €
931-9310-160,00	S. SOCIAL FUNCIONARIOS, (INTERVENCIÓN)	9.583,60 €
931-9310-160,01	S. SOCIAL LABORALES, (INTERVENCIÓN)	469,58 €
932-9320-120,11	RETRIBUCIÓN FUNCIONARIOS, INCREMENTO RDL.14/2025 (ORAL)	123.548,42 €
932-9320-130,00	PERSOAL LABORAL FIXO, (ORAL)	1.557,24 €
932-9320-131,00	PERSOAL LABORAL TEMPORAL, (ORAL)	2.581,92 €
932-9320-160,00	S. SOCIAL FUNCIONARIOS, (ORAL)	33.483,12 €
932-9320-160,01	S. SOCIAL LABORALES, (ORAL)	2.572,42 €
934-9340-120,11	RETRIBUCIÓN FUNCIONARIOS, INCREMENTO RDL.14/2025 (TESOURERÍA)	6.110,00 €
934-9340-131,00	PERSOAL LABORAL TEMPORAL, (TESOURERÍA)	237,36 €
934-9340-160,00	S. SOCIAL FUNCIONARIOS, (TESOURERÍA)	1.759,98 €
934-9340-160,01	S. SOCIAL LABORALES, (TESOURERÍA)	72,62 €
942-9420-120,11	RETRIBUCIÓN FUNCIONARIOS, INCREMENTO RDL.14/2025 (COOPERACIÓN)	36.701,74 €
942-9420-130,00	PERSOAL LABORAL FIXO, (COOPERACIÓN)	1.419,74 €
942-9420-131,00	PERSOAL LABORAL TEMPORAL, (COOPERACIÓN)	351,52 €
942-9420-160,00	S. SOCIAL FUNCIONARIOS, (COOPERACIÓN)	9.923,14 €
942-9420-160,01	S. SOCIAL LABORALES, (COOPERACIÓN)	109,46 €
232-2312-632.03	EDIFICIOS E OUTRAS CONSTRUCCIÓN -MELLORAS _ C.P. FELIPE (Ampliación da instalación fotovoltaica de autoconsumo no Centro Príncipe Felipe)	120.000,00 €



250-2315-226.99	GASTOS DIVERSOS, OUTROS -S. IGUALDADE (Programa "RECEITAS DE VIDA")	30.000,00 €
330-9420-489.10	A ENTIDADES SEN FINS DE LUCRO, FEIRAS, EXPOSICIÓNS CONGRESOS_CULTURA (Achegas a entidades detalle Anexo II das bases de execución)	20.000,00 €
333-3330-223.00	TRANSPORTES_MUSEO (Obras de Arte)	30.000,00 €
923-1705-227.06	ESTUDOS E TRABALLOS TÉCNICOS_SAIM (Cirúrxicas no Centro de acollida e protección de animais)	10.000,00 €
942-1722-227.06	ESTUDOS E TRABALLOS TÉCNICOS (PROX. 2600007 - ECOFRONT_MINHO)_COOPERACIÓN [Financiamento 2026]	3.883,11 €
942-4253-227.06	ESTUDOS E TRABALLOS TÉCNICOS (PROX. 2600006 SMART_BUILDING)_COOPERACIÓN [Financiamento 2026]	59.514,47 €
942-9250-227.06	ESTUDOS E TRABALLOS TÉCNICOS (PROX. 2600005 ACTIVA_RURAL _TRANSFRONTERIZO)_COOPERACIÓN [Financiamento 2026]	31.280,45 €
	Total suplementos de créditos...	1.437.280,91 €

O expediente finánciase con aforro propio procedente de exercicios anteriores, é dicir, con remanente líquido de tesourería para gastos xerais.

Contabilizándose as seguintes operacións:

CONCEPTO DE INGRESO	DENOMINACIÓN	IMPORTE
931-870,02	Remanente de Tesourería - Aplicado para financiar Suplementos de Créditos...	1.437.280,91 €
	TOTAL...	1.437.280,91 €

Resumo do expediente:

TOTAL SUPLEMENTOS...	1.437.280,91 €
TOTAL CRÉDITOS EXTRAORDINARIOS...	3.272.839,00 €
SUMA...	4.710.119,91 €

O Resumo das modificacións por capítulos son as seguintes:

ORZAMENTO DE INGRESOS

Capítulo 1º Impuestos directos.	0,00 €
---------------------------------	--------



Capítulo 2º Impostos indirectos.	0,00 €
Capítulo 3º Taxas e outros ingresos.	0,00 €
Capítulo 4º Transferencias correntes.	0,00 €
Capítulo 5º Ingresos patrimoniais.	0,00 €
Capítulo 6º Alleamento de investimentos reais.	0,00 €
Capítulo 7º Transferencias de capital.	0,00 €
INGRESOS NON FINANCEIROS...	0,00 €
Capítulo 8º Activos financeiros.	4.710.119,91 €
Capítulo 9º Pasivos financeiros.	0,00 €
INGRESOS FINANCEIROS...	4.710.119,91 €
TOTAL VARIACIÓNS POR CAPÍTULOOS...	4.710.119,91 €

ORZAMENTO DE GASTOS.

Capítulo 1º Gastos de persoal.	1.132.602,88 €
Capítulo 2º Gastos en bens correntes e servizos.	114.678,03 €
Capítulo 3º Gastos financeiros.	0,00 €
Capítulo 4º Transferencias correntes.	56.000,00 €
Capítulo 6º Investimentos reais.	767.350,60 €
Capítulo 7º Transferencias de capital.	2.639.488,40 €
GASTOS NON FINANCEIROS...	4.710.119,91 €
Capítulo 8º Activos financeiros.	0,00 €
Capítulo 9º Pasivos financeiros.	0,00 €
GASTOS FINANCEIROS...	0,00 €
TOTAL VARIACIÓNS POR CAPÍTULOOS...	4.710.119,91 €

3. Modificación do Anexo II das bases de execución, modificando e engadindo como subvencións nominativas, as seguintes:



240- FOMENTO DE EMPREGO

APLICACIÓN/CIF	BENEFICIARIO/ FINALIDADE	CRÉDITO FINAL	Obxecto e finalidade
240-2410-489.10	A ENT. SEN FINS DE LUCRO, FEIRAS, EXPOSICIÓNS CONGRESOS_FOMENTO DE EMPREGO	6.000,00 €	
G82875808	UNIÓN DE PROFESIONALES Y TRABAJADORES AUTÓNOMOS (UPTA)	3.000,00 €	CONGRESO NACIONAL DE RELEVO XENERACIONAL
G36550630	APE GALICIA	3.000,00 €	CONGRESO AUTÓNOMOS DISTINGUIDOS

330- CULTURA

APLICACIÓN/CIF	BENEFICIARIO/ FINALIDADE	CRÉDITO FINAL	Obxecto e finalidade
330-9420-489.10	A ENT. SEN FINS DE LUCRO, FEIRAS, EXPOSICIÓNS CONGRESOS_CULTURA	60.000,00 €	
G81714784	FUNDACIÓN ALEJANDRO DE LA SOTA	20.000,00 €	PROMOCIÓN OBRA ALEJANDRO DE LA SOTA (EXPOSICIÓN)
330-3340-789.10	ACHEGAS A ENT. SEN FINS DE LUCRO, INVESTIMENTOS EN BENS CULTURAIS_CULTURA	10.000,00 €	
G10971679	ASOCIACIÓN CULTURAL ÉVAME OROZA	10.000,00 €	ADQUISICIÓN ESCULTURA OROZA

942- COOPERACIÓN

APLICACIÓN/CIF	BENEFICIARIO/ FINALIDADE	CRÉDITO FINAL	Obxecto e finalidade
942-9420-763.00	A MANCOMUNIDADES, INFRAESTRUTURAS ESTRATÉXICAS_COOPERACIÓN	250.000,00 €	
P3600041B	MANCOMUNIDADE DO SALNÉS	250.000,00 €	INFRAESTRUTURA ESTRATÉXICA COMARCAL PARA A TRANSFORMACIÓN VERDE, DIXITAL E SOCIAL DO TERRITORIO

Onde se establecía:
340- DEPORTES

APLICACIÓN/CIF	BENEFICIARIO/ FINALIDADE	CRÉDITO FINAL	Obxecto e finalidade
340-3410-489,02	OUTRAS TRANSFERENCIAS, "CONVENIOS"	1.438.000,00 €	
G36376630	TENIS DE MESA MONTEPORREIRO	25.000,00 €	CONVENIO DE COLABORACIÓN CO CLUB TENIS DE MESA MONTEPORREIRO PARA



			PARTICIPACIÓN NA DIVISIÓN DE HONRA
942-COOPERACIÓN			
APLICACIÓN/CIF	BENEFICIARIO/ FINALIDADE	CRÉDITO FINAL	Obxecto e finalidade
942-9431-489.01	A ENTIDADES SEN FINS DE LUCRO, COOP.TRANSFRONTEIRIZA.	151.500,00 €	
Q2878006B	FEDERACIÓN ESPAÑOLA DE BALONMANO	25.000,00 €	XORNADAS TRANSFRONTEIRIZAS DE BALONMANO

Modifícase polo seguinte:

340- DEPORTES

APLICACIÓN/CIF	BENEFICIARIO/ FINALIDADE	CRÉDITO FINAL	Obxecto e finalidade
340-3410-489,02	OUTRAS TRANSFERENCIAS, "CONVENIOS"	1.438.000,00 €	
G36376630	TENIS DE MESA MONTEPORREIRO	25.000,00 €	CONVENIO DE COLABORACIÓN CO CLUB TENIS DE MESA MONTEPORREIRO PARA PARTICIPACIÓN NA "SUPERDIVISIÓN MASCULINA"

942-COOPERACIÓN

APLICACIÓN/CIF	BENEFICIARIO/ FINALIDADE	CRÉDITO FINAL	Obxecto e finalidade
942-9431-489.01	A ENTIDADES SEN FINS DE LUCRO, COOP.TRANSFRONTEIRIZA.	151.500,00 €	
G36690832	FEDERACIÓN GALEGA DE BALONMÁN	25.000,00 €	XORNADAS TRANSFRONTEIRIZAS DE BALONMANO

Segundo: Este expediente de modificación de créditos número 02/2026 que inclúe créditos extraordinarios (EXT. 02/26) por importe de 3.272.839,00 euros, suplementos de créditos (SUP.02/26) por importe de 1.437.280,91 euros e as modificacións do Anexo II das Bases de execución do orzamento, exporase ao público para os efectos de reclamacións, por un período de quince días hábiles, contados dende o día seguinte ao da publicación do anuncio no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra (BOPPO).

As reclamacións, reparos ou observacións que se presenten serán estudados, no seu caso, polos servizos técnicos da Deputación de Pontevedra e posteriormente pola Comisión informativa de Transparencia, Réxime Interno e Facenda, que formulará ao Pleno a proposta de aprobación definitiva deste expediente.



Este acordo de aprobación inicial do expediente de modificación de créditos número 02/2026, entenderase definitivamente aprobado no caso de que no prazo de exposición pública non se formulasen reclamacións contra o mesmo.”

Unha vez debatido o asunto e segundo o establecido nos artigos 32 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, 52 do Regulamento orgánico da Deputación de Pontevedra e 126 do Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais, sométese a votación a proposta de acordo correspondente á aprobación inicial do expediente de modificación de créditos número 2/2026, asinada con data 16 de marzo de 2026 polo Xefe do Servizo de Orzamentos, Plans e Organismos da e polo Deputado Delegado de Xestión Tributaria, Patrimonio e Formación e Emerxencias, coas modificacións introducidas na proposta e que foron detalladas polo Sr. Interventor.

O resultado da votación foi o seguinte:

1. **Votos a favor: (9)**, do grupo provincial do Partido Popular.
2. **Votos en contra: (0)**, ningún.
3. **Abstencións: (8)**, sendo (6) do grupo provincial PSdeG-PSOE e dúas (2) do grupo provincial do BNG.

A Comisión Informativa de Transparencia, Réxime Interno e Facenda ditamina favorablemente a proposta de acordo sobre a aprobación inicial do expediente de modificación de créditos número 2/2026, cos votos a favor das Deputadas e Deputados do grupo provincial do Partido Popular, e coas abstencións das Deputadas e Deputados dos grupos provinciais do PSdeG-PSOE e do BNG.

5. *Moción do Grupo Provincial do Partido Popular (PP) para instar ao Goberno de España a que adopte de inmediato medidas extraordinarias para evitar o impacto do incremento de custos enerxéticos que está a producirse nas actividades do sector primario. (Expte.- 2026019277).*

O voceiro do grupo provincial do Partido Popular, D. Jorge Cubela López, presentou o día 13 de marzo de 2026 co número de rexistro WEB2026019719 unha moción para instar ao Goberno de España a que adopte de inmediato medidas extraordinarias para evitar o impacto do incremento de custos enerxéticos que está a producirse nas actividades do sector primario, cuxo contido é o seguinte:



“MOCIÓN PARA INSTAR AO GOBERNO DE ESPAÑA A QUE ADOPTE DE INMEDIATO MEDIDAS EXTRAORDINARIAS PARA EVITAR O IMPACTO DO INCREMENTO DE CUSTOS ENERXÉTICOS QUE ESTÁ A PRODUCIRSE NAS ACTIVIDADES DO SECTOR PRIMARIO

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O sector primario constitúe un pilar fundamental da economía galega, tanto pola súa contribución á produción de alimentos como polo seu papel esencial na vertebración territorial, na fixación de poboación no medio rural e no mantemento de actividades económicas estratéxicas como son a agricultura, a gandería e a pesca.

A escalada do conflito armado en Oriente Medio está a xerar importantes consecuencias económicas a escala global, especialmente nos mercados enerxéticos. O encarecemento do petróleo e da enerxía está a provocar un efecto directo sobre numerosos sectores produtivos, incrementando de maneira notable os custos de produción. O sector primario está a ser un dos máis afectados por esta situación, debido á súa elevada dependencia da enerxía e polo incremento de custos.

As organizacións profesionais destes sectores advertiron de que o encarecemento do combustible, especialmente do gasóleo agrícola e pesqueiro, está a disparar os custos de produción.

No caso do campo, segundo estimacións do sector, tanto o gasóleo agrícola como os fertilizantes supoñen xa, no conxunto de España, máis de 41 millóns de euros adicionais cada semana. Este incremento prodúcese, ademais, en plena campaña de abonado e de cultivo, un dos momentos do ano nos que o consumo de fertilizantes é maior, o que multiplica o impacto económico sobre as explotacións agrarias.

Por outra banda, o sector pesqueiro tamén se ve gravemente afectado, xa que o incremento do gasóleo pesqueiro repercute directamente nos custos de explotación da frota, reducindo a rendibilidade dunha actividade esencial para comunidades como a nosa, onde a pesca constitúe un dos piares económicos e sociais nos concellos do litoral.

A gravidade de ambas situacións prodúcese ademais nun contexto no que agricultores, gandeiros e pescadores teñen unha capacidade moi limitada para trasladar estes incrementos de custos ao prezo final dos alimentos, o que pon en risco a viabilidade de moitas explotacións.

A pesar da magnitude do problema e das advertencias trasladadas polas organizacións agrarias e pesqueiras, ata o momento non se presentou un plan específico por parte do Goberno de España destinado a minimizar o impacto inmediato desta crise internacional sobre os custos de produción do sector primario.

Calquera medida que o Goberno central adopte para paliar as consecuencias que o conflito de Oriente Medio está a provocar na economía das familias e das empresas galegas será unha boa nova, pero haberá que agardar a ver se se aproba finalmente no Consello de ministros para coñecer a súa dimensión e alcance real. Ademais, ese paquete de medidas debería estar consensuado coas comunidades autónomas, tal e



como xa reclamou a Xunta de Galicia logo do encontro celebrado cos clústeres dos sectores máis prexudicados polo conflito.

Polo que dende o PP de Pontevedra reiteramos que é completamente necesario adoptar medidas urxentes de carácter fiscal e económico para aliviar o impacto da suba de prezos sobre os sectores produtivos, como poden ser, impulsar rebaixas fiscais no IRPF, reducións do IVE da enerxía e a eliminación de determinados impostos enerxéticos, co obxectivo de reducir, aínda que sexa temporalmente, a presión económica derivada da actual crise enerxética.

Por todo iso, o Grupo Provincial do Partido Popular na Deputación de Pontevedra presenta a seguinte:

PROPOSTA DE ACORDO

- 1. Instar ao Goberno de España que adopte de inmediato medidas extraordinarias para evitar o impacto do incremento de custes enerxéticos, derivado do conflito en Oriente Medio, que está a producirse nas actividades do sector primario galego: agricultura, gandería e pesca,*
- 2. Solicitar axudas directas extraordinarias para agricultores, gandeiros e pescadores destinados a compensar o incremento do gasóleo agrario e pesqueiro, bonificacións ou reducións fiscais e liñas de financiamento preferente e avais públicos para explotacións agrarias, gandeiras e pesqueiras afectadas polo aumento de custos.*
- 3. Instar á Xunta de Galicia a complementar, no ámbito das súas competencias, estas medidas mediante apoios específicos destinados a garantir a viabilidade das explotacións agrarias, gandeiras e pesqueiras do sector primario galego.”*

Sometida a votación a moción do grupo provincial do Partido Popular para instar ao Goberno de España a que adopte de inmediato medidas extraordinarias para evitar o impacto do incremento de custos enerxéticos que está a producirse nas actividades do sector primario, obtívose o seguinte resultado:

- 1. Votos a favor: (9)**, do grupo provincial do Partido Popular.
- 2. Votos en contra: (0)**, ningún.
- 3. Abstencións: (8)**, sendo seis (6) do grupo provincial do PSdeG-PSOE e dúas (2) do grupo provincial do BNG.

A Comisión Informativa de Transparencia, Réxime Interno e Facenda ditamina favorablemente a moción do grupo provincial do Partido Popular para instar ao Goberno de España a que adopte de inmediato medidas extraordinarias para evitar o impacto do incremento de custos enerxéticos que está a producirse nas actividades do sector



primario, cos votos a favor das Deputadas e Deputados do grupo provincial do Partido Popular e coas abstencións das Deputadas e Deputados dos grupos provinciais do PSdeG-PSOE e do BNG.

6. Moción do Grupo Provincial Socialista (PSdeG-PSOE) de apoio ao “non á guerra” do Goberno de España e de defensa do dereito internacional. (Expte.-2026019308).

A voceira do grupo provincial do PSdeG-PSOE, Dona Ana Laura Iglesias González, presentou o día 16 de marzo de 2026 co número de rexistro WEB2026020031 unha moción do Grupo Provincial Socialista (PSdeG-PSOE) de apoio ao “non á guerra” do Goberno de España e de defensa do dereito internacional, cuxo contido é o seguinte:

“MOCIÓN DO GRUPO PROVINCIAL SOCIALISTA DE APOIO AO “NON Á GUERRA” DO GOBERNO DE ESPAÑA E DE DEFENSA DO DEREITO INTERNACIONAL

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

A guerra que os presidentes de Estados Unidos e Israel veñen de desatar en Irán está a demostrar, en moi pouco tempo, que as bombas, lonxe de solucionar os problemas, só contribúen a agravalos e a crear outros novos. Con todo, o peor das guerras é a crueldade e a dor que carrexan.

A guerra de Irán, como antes a de Gaza e antes a de Ucraína, chega agravada polo desprezo radical do dereito internacional, ou o que é o mesmo, polo desprezo polo multilateralismo e pola Carta das Nacións Unidas. Un conflito innecesario e que só responde aos afáns belicistas de Netanyahu e Trump.

Nun mundo á deriva, no que o dereito internacional é substituído pola lei do máis forte, o presidente do Goberno de España, Pedro Sánchez, alzouse como unha das poucas voces en defender a paz e o multilateralismo, sempre no marco da ONU. Unha voz valente que, pouco a pouco, é seguida por máis e máis líderes e que, ademais, ten despertado unha profunda onda de simpatía polo noso país en todo o mundo.

Nos tres grandes conflitos armados xurdidos nos últimos anos, o Goberno de España estivo sempre no lado correcto da historia: tanto coa guerra de Ucraína, como na de Gaza, como agora na de Irán, España sempre foi unha referencia en defensa dos valores que definen o dereito internacional. Unha posición que, ademais, viuse reforzada pola negativa do Goberno español a someterse ao ditado caprichoso de Donald Trump para impoñernos unha suba do gasto militar ata o 5% do PIB.

Coa memoria da guerra de Iraq aínda recente, pragada de mentiras sobre as armas de destrución masiva e aínda máis mentiras sobre os terribles atentados do 11M, un dos episodios máis vergoñentos da nosa democracia, escoitar do Goberno de España un



claro “NO A LA GUERRA” fainos sentir orgullosos e orgullosas de ser españolas e españois e de que o mundo enteiro nos vexa como unha referencia.

O Goberno de España non só dixo non a esta guerra terrible e inqualificable, senón que tamén foi coherente criticando ao terrible réxime dos ayatolás, igual que no seu día criticou os atentados de Hamás. E tamén deixou claro sempre o seu apoio ás mulleres iranís, sometidas pola tiranía dun Goberno inxusto e represor. Pero nada disto arréglase a bombazos, porque nunca antes na nosa historia recente a democracia e o progreso teñen chegado a ningún país deste xeito. E menos cunha guerra que comezou co crime que supón ter asasinado a máis dun cento de nenas co impacto dun mísil Tomahawk americano.

Finalmente, non podemos deixar pasar que o Goberno de España xa avanzou que, ao igual que sucedeu coa guerra de Ucraína, o conflito armado en Irán ía ter graves repercusións nos petos da cidadanía, porque a alza nos prezos do petróleo ía arrastrar ao resto da economía, comezando polo sector da alimentación. Afortunadamente, España demostrou habilidade para combater a onda inflacionaria da guerra de Ucraína e agora, coa experiencia acumulada, volverá demostralo. Non en van somos o país de Europa que máis crecimiento económico está a rexistrar dende a pandemia.

Diante de todo isto, o Pleno insta á Deputación ao cumprimento dos seguintes

ACORDOS:

1. *Comunicar á Presidencia do Goberno de España o noso apoio ao “NON Á GUERRA”, así como defender o multilateralismo, o respecto polo Dereito internacional e a Carta das Nacións Unidas.*
2. *Adherirse a cantas iniciativas e propostas que cheguen a esta Deputación para rexeitar a guerra en Irán.”*

Sometida a votación a moción do grupo provincial do PSdeG-PSOE, de apoio ao “*non á guerra*” do Goberno de España e de defensa do dereito internacional, obtívose o seguinte resultado:

1. **Votos a favor: (6)**, do grupo provincial do PSdeG-PSOE.
2. **Votos en contra: (0)**, ningún.
3. **Abstencións: (11)**, sendo nove (9) do grupo provincial do Partido Popular e dúas (2) do grupo provincial do Bloque Nacionalista Galego.



A Comisión Informativa de Transparencia, Réxime Interno e Facenda ditamina favorablemente a moción do Grupo Provincial do PSdeG-PSOE, de apoio ao “*non á guerra*” do Goberno de España e de defensa do dereito internacional cos votos a favor das Deputadas e Deputados do grupo provincial do PSdeG-PSOE e coas abstencións das Deputadas e Deputados dos grupos provinciais do Partido Popular e do BNG.

7. *Moción do Grupo Provincial do Bloque Nacionalista Galego (BNG) polo rexeitamento da instalación dos parques eólicos na Serra da Groba, das súas liñas de evacuación e da afectación aos concellos de Oia, Baiona e Gondomar. (Expte.- 2026019341).*

A Deputada do grupo provincial do Bloque Nacionalista Galego (BNG), Dona María Manuela Rodríguez Pumar, presentou o día 16 de marzo de 2026 co número de rexistro WEB2026020191 unha moción do Grupo Provincial do Bloque Nacionalista Galego (BNG) relativa ao rexeitamento da instalación dos parques eólicos na Serra da Groba, das súas liñas de evacuación e da afectación aos concellos de Oia, Baiona e Gondomar, cuxo contido é o seguinte:

“MOCIÓN DO GRUPO PROVINCIAL DO BLOQUE NACIONALISTA GALEGO (BNG)
POLO REXEITAMENTO DA INSTALACIÓN DOS PARQUES EÓLICOS NA SERRA
DA GROBA, DAS SÚAS LIÑAS DE EVACUACIÓN E DA AFECCIÓN AOS
CONCELLOS DE OIA, BAIONA E GONDOMAR

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

A Serra da Groba constitúe un dos espazos montañosos atlánticos de maior valor ecolóxico, paisaxístico e cultural do sur de Galicia. Situada entre as Grandes Áreas Paisaxísticas das Rías Baixas e a Costa Sur-Baixo Miño, esta serra perillitoral acolle biodiversidade única, hábitats de interese comunitario, patrimonio arqueolóxico excepcional e un modelo de aproveitamento multifuncional do monte que compatibiliza actividades forestais, gandeiras, apícolas e turísticas.

Porén, a Xunta de Galicia vén de someter a información pública, mediante acordo do 27 de xaneiro de 2026 publicado no DOG nº 23 do 4 de febreiro, as solicitudes de autorización administrativa para catro novos proxectos eólicos —“Margarita 18”, “Cote 25”, “Nao 19” e “Galera 25”— promovidos polas empresas Savanna Power Solar 21, S.L.U., Savanna Power Solar 22, S.L.U. e Arena Power Solar 9, S.L.U., todas elas con sede en Sevilla. Estes proxectos, que contemplan a instalación, no concello de Oia, de catro aeroxeradores dunha altura de 105m, 149,10m de diámetro de rotor e 4,99MW de potencia cada un, e dous circuítos de 10.708m. de liña de evacuación soterrada até a Subestación que Unión Fenosa Distribución ten en Borreiros (Gondomar), supoñen un novo intento de atentar contra este espazo de alto valor natural.



Esta nova tramitación prodúcese apenas dous anos despois de que a propia Consellaría de Medio Ambiente e Transición Ecolóxica emitise declaracións de impacto ambiental desfavorables para proxectos substantivamente análogos na mesma zona, fundamentadas en impactos "críticos" e "irreversibles" sobre a paisaxe, a biodiversidade e o patrimonio cultural. A reiteración de iniciativas similares, agora fragmentadas artificialmente en proxectos individuais para eludir controis ambientais máis esixentes, evidencia unha práctica administrativa cuestionábel que vulnera o principio de precaución e a normativa de avaliación ambiental.

Os argumentos que xustifican a oposición a estes proxectos son contundentes e están amplamente documentados:

- **Impacto ambiental crítico:** O estudo de impacto ambiental recoñece afectacións significativas a 9 cursos fluviais, a 4 hábitats de interese comunitario (HIC 4020, 4030, 3160 e 7140), e a especies protexidas como o paxaro *Emberiza schoeniclus* (escribenta das canaveiras ou escribano palustre) ou a planta *Narcissus cyclamineus* (marteliño ou narciso galaico). A perda de vexetación, a fragmentación de hábitats e o risco de colisións para aves e quirópteros son impactos non mitigábeis.
- **Agresión ao patrimonio natural.** A zona de instalación dos muiños afectaría á contorna das Sobreiras do Faro, zona declarada espazo privado de interese natural (EPIN), incluída no catálogo de árbores senlleiras de Galiza, o que suporía unha vulneración dos principios de prevención, precaución e non regresión ambiental pola afección á súa zona de expansión natural.
- **Ameaza ao patrimonio cultural:** A zona acolle bens catalogados, como os Petróglifos da Cerradiña ou o Hórreo de Urgal, ademais de estar próxima ao Camiño Portugués da Costa. A Lei 5/2016 do Patrimonio Cultural de Galicia esixe a protección destes espazos, incompatible coa instalación de infraestruturas industriais de gran impacto visual e acústico.
- **Prexuízo socioeconómico:** A Serra da Groba é un espazo con forte vocación turística e agrogandeira. A implantación eólica comprometería actividades económicas sostíbeis, afectaría ás mancomunidades de montes de Burgueira, Viladesuso, Mougás e Belesar, e poría en risco as poboacións de cabalo de pura raza galega ("garranos"), especie en perigo de extinción e elemento clave na prevención de incendios.
- **Falta de planificación territorial e enerxética:** Estes proxectos non se enmarcan nunha ordenación territorial previa, nin responden a criterios de eficiencia enerxética, aforro ou fomento do autoconsumo. Constitúense como iniciativas especulativas orientadas ao reforzo dun modelo oligopolista de xeración, sen beneficio real para as comunidades locais.



- Incumprimento da normativa europea e estatal: A tramitación destes proxectos contradí a Directiva 92/43/CEE de hábitats, a Directiva 2009/147/CE de aves, a Lei 21/2013 de avaliación ambiental (art. 39.4.c) sobre inadmisión de proxectos análogos), e a Estratexia da UE sobre Biodiversidade 2030.
- No que respecta particularmente ao concello de Gondomar, a parte final da liña de evacuación conxunta destes catro proxectos atravesa a parroquia de Borreiros. Esa liña soterrada estará composta por dous circuítos independentes de 20.000 voltios cada un que levarán a corrente até un Centro de Protección e Medida (CpeM), a construír nunha parcela en fronte da SubEstación (SE) de UFD xa existente. Desde ese CPeM enlazarían cada un dos circuítos coa SE.

Máis alá dos temores que a veciñanza poida ter aos efectos das radiacións electromagnéticas, das que non hai evidencias científicas, o paso do dobre circuítos transportador da electricidade supón unha gran afección na parroquia: polas limitacións de usos do solo, polo risco de danos por escavacións, pola necesidade de proteccións mecánicas e sinalización. Así mesmo, a afección pode producirse na confluencia ou cruzamento desas liñas coas conducións de subministración de auga, veciñal ou municipal, do saneamento, alumeadado público, regadío e outras. Por outro lado, nalgúns tramos a vía pola que discorre ten un ancho reducido, o que implica maior proximidade ás vivendas lindantes e, por tando, menor distancia de seguridade.

A mobilización social contra proxectos coma estes no pasado foi masiva: máis de 100.000 sinaturas, rexeitamento unánime dos concellos afectados e o traballo incansábel de entidades como SOS Groba, o Instituto de Estudos Miñoráns (IEM) e ADEGA, demostran que a cidadanía non acepta a depredación do seu patrimonio natural e cultural en nome dunha transición enerxética mal entendida.

Por todo o anteriormente exposto, o Grupo provincial do BNG solicita do Pleno da Corporación Provincial a adopción dos seguintes ACORDOS:

1. Manifestar o seu rexeitamento aos proxectos de instalación de parques eólicos na Serra da Groba.
2. Instar ao Goberno galego a que:
 - en aplicación do artigo 39.4.c) da Lei 21/2013 de avaliación ambiental, resolva a inadmisión a trámite das solicitudes de autorización administrativa previa, de construción e do estudo de impacto ambiental conxunto dos proxectos eólicos "Margarita 18", "Cote 25", "Nao 19", "Galera 25" e da infraestrutura de evacuación "LSAT 20kV CS Alto das Veigas-SEUFD Gondomar";
 - inicie, de oficio, o procedemento para a declaración da Serra da Groba como Espazo Natural Protexido e/ou a súa inclusión na Rede Natura 2000, garantindo así a protección integral dos seus valores ecolóxicos, paisaxísticos e culturais.



- elabore, en colaboración cos concellos e as comunidades de montes afectados, un Plan de Desenvolvemento Sostible para a Serra da Groba, que potencie usos compatibles coa súa conservación: turismo de natureza, gandería extensiva, apicultura, recuperación do patrimonio etnográfico e arqueolóxico, e fomento do autoconsumo enerxético comunitario.
3. Trasladar os presentes acordos á Presidencia da Xunta de Galiza, aos concellos aos que afectan estes parques eólicos e a todos os grupos parlamentarios do Parlamento Galego.

Sometida a votación a moción do grupo provincial do Grupo Provincial do Bloque Nacionalista Galego (BNG) polo rexeitamento da instalación dos parques eólicos na Serra da Groba, das súas liñas de evacuación e da afectación aos concellos de Oia, Baiona e Gondomar, obtívose o seguinte resultado:

1. **Votos a favor: (2)**, do grupo provincial do Bloque Nacionalista Galego (BNG).
2. **Votos en contra: (9)**, do grupo provincial do Partido Popular
3. **Abstencións: (6)**, do grupo provincial do PSdeG-PSOE.

A Comisión Informativa de Transparencia, Réxime Interno e Facenda ditamina desfavorablemente a moción do Grupo Provincial do Bloque Nacionalista Galego (BNG) polo rexeitamento da instalación dos parques eólicos na Serra da Groba, das súas liñas de evacuación e da afectación aos concellos de Oia, Baiona e Gondomar, cos votos a favor das Deputadas e Deputados do grupo provincial do BNG, cos votos en contra das Deputadas e Deputados do grupo provincial do Partido Popular, e coas abstencións das Deputadas e Deputados do grupo provincial do PSdeG-PSOE.

8. *Dar conta do informe da Intervención sobre o período medio de pago a provedores correspondente ó mes de febreiro de 2026. (Exptes.- 2026018934–2026014764).*

A Intervención elaborou un informe do período medio de pago a provedores da Deputación de Pontevedra, da Escola Universitaria de Enfermería, do Consorcio Provincial Contraincendios e Salvamento e Consorcio Contraincendios do Deza e Tabeirós-Terra de Montes, correspondente ó mes de febreiro de 2026, asinado pola Viceinterventora e polo Xefe do Servizo de Contabilidade e Auditoría con data 5 de marzo de 2026, onde se deixa constancia do seguinte:



“A Lei Orgánica 2/2012, de 27 de abril, introduce o concepto de período medio de pago como expresión do tempo de pago ou retraso no pago da débeda comercial, de xeito que todas as Administracións Públicas, nun novo exercicio de transparencia, deberán facer público o seu período medio de pago que deberán calcular de acordo cunha metodoloxía común establecido no Real Decreto 635/2014 de 25 de xullo polo que se desenvolve a metodoloxía de cálculo do período medio de pago a provedores das Administracións Públicas

O período medio de pago mide o retraso no pago da débeda comercial en termos económicos, como indicador distinto respecto do período legal de pago establecido na Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público e na Lei 3/2004, de 29 de decembro, pola que se establecen medidas de loita contra a morosidade nas operacións comerciais.

O artigo 6 do Real Decreto 635/2014 de 25 de xullo, en relación á publicidade do período medio de pago a provedores establece que as comunidades autónomas e as corporacións locais remitirán ó Ministerio de Facenda e Administracións Públicas e publicarán periodicamente, de acordo co que se prevea na Orde HAP/2105/2012, de 1 de outubro, pola que se desenvolven as obrigas de subministro de información previstas na Lei Orgánica 2/2012, de 27 de abril, a información relativa ó seu período medio de pago a provedores referido, segundo corresponda, ao mes ou ao trimestre anterior:

Á vista deste precepto legal o servizo de Intervención elaborou o informe do período medio de pago a provedores da Deputación de Pontevedra e as entidades locais Escola Universitaria de Enfermería, Consorcio Provincial Contraincendios e Salvamento e Consorcio do Deza Tabeirós correspondente ao mes de febreiro de 2026 que se expón a continuación:

PERÍODO MEDIO DE PAGO A PROVEDORES FEBREIRO 2026

Entidade	Mes	Ratio Operacións Pagadas	Importe Pagos Realizados	Ratio Operacións Pendentes	Importe Pagos Pendentes	Período Medio de Pago
Deputación de Pontevedra	Febreiro	17,1300000000	6.214.443,34	7,8400000000	1.525.376,02	15,2991118918
Escola de Enfermería	Febreiro	1,2100000000	2.325,20	0,0000000000	0,00	1,2100000000
Consorcio de Incendios e Salvamento	Febreiro	4,7100000000	30.643,80	0,0000000000	0,00	4,7100000000
Consorcio Deza Tabeiros	Febreiro	6,5900000000	10.794,22	0,0000000000	0,00	6,5900000000
TOTAL			6.258.206,56		1.525.376,02	15,2411361852



En base aos cálculos detallados neste informe ponse de manifesto que se cumpre co período medio de pago legalmente previsto.

A Comisión informativa de Transparencia, Réxime Interno e Facenda queda enterada do contido do **informe do período medio de pago a provedores correspondente ó mes de febreiro de 2026 da Deputación Provincial de Pontevedra, da Escola Universitaria de Enfermería, do Consorcio Provincial Contraincendios e Salvamento e Consorcio Contraincendios Deza e Tabeiros-Terra de Montes**, en relación ó disposto na Lei Orgánica 2/2012, de 27 de abril de Estabilidade Orzamentaria e Sostibilidade financeira e no Real Decreto 635/2014 de 25 de xullo polo que se desenvolve a metodoloxía de cálculo do período medio de pago a provedores das Administracións Públicas.

9. Rogos e Preguntas.

Non se produciron.

E non habendo máis asuntos que tratar, pola Presidencia dáse por finalizado o acto, sendo as doce horas e cinco minutos do día arriba sinalado, do que, como Secretario, dou fe.

O Secretario da Comisión
Asdo.: José Antonio Gulías Varela
(Documento asinado electrónicamente ó marxe)

